

ENCUNTROS VIRTUAIS

XUNTA - UE

As prioridades da Comisión von der Leyen Avaliación e perspectivas futuras

Data	23 de abril de 2024
Lugar	En liña
Organización	Fundación Galicia Europa
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consellería de Economía, Industria e Innovación ▪ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ▪ Consellería de Facenda e Administración Pública ▪ Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ▪ Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ▪ Consellería do Mar ▪ Consellería de Medio Rural
Relatores	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sonia Vila, xefe de unidade responsable de IDEA, o centro de asesoramento da presidenta da Comisión Europea

Introdución

A directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, Ana Ramos, inaugurou a segunda reunión de 2024 do ciclo ‘Encontros virtuais Xunta-UE’, o foro de debate entre o goberno galego e as institucións europeas que xa suma máis de 500 asistentes nunha corentena de sesións. O encontro serviu non só para facer balance do programa de traballo da Comisión Europea -marcado por seis prioridades dirixidas a acadar unha Unión Europea máis verde, dixital e social- senón tamén para analizar o futuro ciclo institucional, que será iniciado en xuño coas eleccións ó Parlamento Europeo.

Para iso, contouse coa intervención de Sonia Vila, xefa de unidade responsable de IDEA, o centro de asesoramento da presidenta da Comisión Europea. A relatora incidiu nas **prioridades da próxima axenda política europea, fundamental para enmarcar no plano europeo os intereses de Galicia e o traballo que se realiza dende a Xunta.**

Un dos obxectivos da Fundación Galicia Europa é precisamente a defensa dos intereses galegos ante as institucións europeas, en tanto que representante do Goberno galego en Bruxelas. Co ánimo de ilustrar a actividade que leva a cabo, presentouse o seu plan de actuacións para 2024, no que se reflicten os temas prioritarios para Galicia que contan coas aportacións da nosa rexión durante o debate europeo.

Resumo da reunión

O programa de traballo da actual Comisión Europea está marcado por seis prioridades dirixidas a acadar unha Unión Europea máis verde, dixital e social. Os seus principios e aspiracións permanecen invariables dende que a presidenta da Comisión Europea, publicase as súas orientacións políticas para 2019-2024, nas que xa reafirmaba a idea de que “Europa debe liderar a transición cara a un planeta san e un novo mundo dixital [...], unindo ás persoas e mellorando a nosa economía social de mercado”.

En 2019, na súa primeira declaración como presidenta do executivo comunitario, Ursula von der Leyen reflectiu o optimismo reinante nese momento. A UE superara unha gran recesión económica, mostrara un grao notable de unidade durante as negociacións do Brexit e presentara unha participación récord nas eleccións europeas. Con todo, o seu rematou sendo un mandato marcado por dúas grandes crises: a pandemia da COVID-19 e a guerra de Ucraína.

Cinco anos despois deste primeiro discurso, as eleccións ó Parlamento Europeo o próximo 9 de xuño marcan o comezo dun novo ciclo institucional, un momento de inflexión que nos permite valorar os logros acadados neste tempo e mirar a futuro para configurar a axenda política dos próximos anos.

Así e todo, con independencia das **liñas políticas que concrete a próxima Comisión Europea**, seguiranse fomentando cuestións moi presentes na axenda do executivo 2019-2024, como as transicións xemelgas (verde e dixital), a seguridade enerxética, o crecemento económico acompañado do reforzo do capital humano ou a agricultura. Tamén existirán outros **varios temas de presenza obrigatoria, dado o actual contexto global:**

- **Competitividade:** aínda que estivo moi presente ó longo destes cinco anos, nestes últimos meses adquiriu unha maior importancia, debido ó debate existente sobre a convivencia das transicións verde e dixital co apoio á competitividade, especialmente ás empresas europeas. Debido a isto, **Mario Draghi, antigo presidente da República italiana e do Banco Central Europeo (BCE), recibiu unha encomenda da presidenta para elaborar un informe independente sobre o futuro da competitividade europea**, que complementará ó **xa presentado** por Enrico Letta, antigo primeiro ministro italiano, sobre o Mercado Único Europeo.

Agárdase que o informe de Draghi, que verá a luz entre finais de xuño e comezos de xullo de 2024, incida, entre outros, en cuestións relativas ás axudas estatais e ás materias primas fundamentais.

- **Unha Europa máis forte no mundo:** aquí destacan asuntos como os futuros fluxos de migrantes, que requiren unidade entre os Estados membros para proceder cunha xestión coordinada, así como a futurible ampliación da UE cara o leste, que agrupa diferentes inquietudes non só por parte dos EEMM, senón tamén da cidadanía europea.
- **Defensa e seguridade:** este tema estará **moi presente nos próximos dez anos**, polo que será preciso reformular a coordinación coa Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN), impulsar a continuación do apoio a Ucraína e encaixar a estratexia europea de defensa a nivel mundial, prestando especial atención a China e a ós Estados Unidos. É necesario recordar, ademais, que **a UE presenta competencias en defensa limitadas ó contexto industrial.**
- **Seguridade económica,** relacionada coa autonomía estratéxica da UE e a capacidade para reducir dependencias de materias primas fundamentais, enerxéticas, etc. Para iso, seguen sendo fundamentais estratexias como o **“Global Gateway”**, que crea asociacións en todo o mundo co ánimo de impulsar o comercio e o investimento, o tempo que redefina a axuda ó desenvolvemento.
- **Defensa dos valores democráticos,** fomentando o liderado da Unión Europea na defensa dos Dereitos Humanos tanto dentro como fóra da UE.

Presentación da Fundación Galicia Europa

Prioridades da FGE para 2024

1. Pacto Verde Europeo

O **Pacto Verde Europeo** destacou como unha das grandes apostas da *Comisión von der Leyen*, chegando a configurarse como un dos pilares da recuperación -de feito, cada un dos Plans nacionais de Recuperación e Resiliencia debe incluír un nivel mínimo do 37% de gasto no campo climático-. Porén, moito antes de que chegase a crise sanitaria, o Pacto Verde xa fora concibido como a nova estratexia de crecemento da UE, destinada a “impulsar unha sociedade (...) na que non haberá emisións netas de gases de efecto invernadoiro en 2050”.

Sáida á luz en decembro de 2019, **esta estratexia foise esmiuzando en varias iniciativas de relevancia -o Plan de acción para a economía circular, o Mecanismo de Transición Xusta ou a estratexia de biodiversidade-** das que a FGE fixo un seguimento pormenorizado ó longo destes anos, dada a importancia que estas presentan para Galicia, pioneira na posta en marcha do Pacto Verde. Fálase aquí de accións como a oficina de coordinación do Pacto das Alcaldías, que conseguiu que máis do 90% dos municipios galegos se adhiran a esta iniciativa; a futura Lei do Clima de Galicia, que recoñecerá como obriga legal a ambición climática de acadar a neutralidade en 2050; ou a Alianza Galega polo Clima, que reúne a todas as partes interesadas para buscar medidas comúns e coordinadas que xeren sinerxías na acción climática da rexión.

Acadar a neutralidade require, ademais, dunha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro do 55% de aquí a 2030. Para que esta meta intermedia de redución se poida converter nunha realidade, foi preciso imaxinar un marco de actuación mellorado para os próximos anos, aplicado a través de lexislación específica -nova ou revisada- que abarca ámbitos como as enerxías renovables, o transporte ou a eficiencia enerxética. Foi por iso que en xullo de 2021 se presentaba **“Obxectivo 55”, un paquete lexislativo do que a FGE realizou varias análises técnicas sobre aquelas propostas de relevancia para Galicia**, como o Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono, que garante que as mercadorías importadas paguen un prezo equivalente de carbono en sectores específicos, ou o Fondo Social para o Clima, que abordará a repercusión social da introdución do réxime de comercio de dereitos de emisión para os edificios e o transporte por estrada.

A FGE centrará a súa atención nas negociacións dos expedientes pendentes de aprobación no marco de “Obxectivo 55”, especialmente na revisión da Directiva sobre fiscalidade da enerxía, que propón unha supresión das exencións tributarias ó combustible dos barcos. Unha vez completado, prevese que o paquete lexislativo definitivo permita diminuír as emisións netas de gases de efecto invernadoiro da UE nun 57% de aquí a 2030. Porén, a FGE xa mirará

ó futuro e seguirá de preto o proceso destinado a establecer un obxectivo climático para 2040, a fin de manter á UE no seu camiño cara a neutralidade climática en 2050.

Na transición cara a unha economía de cero emisións netas, a competitividade de Europa dependerá en gran medida da súa capacidade para desenrolar e fabricar as tecnoloxías limpas que fan posible esa transición. Para acadar este obxectivo, a Comisión Europea publicaba o pasado febreiro o **“Plan Industrial do Pacto Verde”**, integrado por un marco temporal de crise e transición, que concederá facilidades no eido das axudas estatais para fomentar o financiamento de tecnoloxías limpas, así como por tres propostas legislativas relativas á reforma do mercado da electricidade, ó aumento da competitividade da fabricación de tecnoloxías de cero emisións netas na UE e ó acceso e subministro de materias primas fundamentais e ó aumento da competitividade da fabricación de tecnoloxías de cero emisións netas na UE.

A FGE estudará a aplicación destas propostas e a súa capacidade para mitigar os riscos existentes para as cadeas de subministración das que depende a UE, xa que Galicia conta con reservas en 15 dos 34 minerais definidos como estratéxicos pola UE e coa única mina de coltán en Europa actualmente en explotación. Tamén resultan de relevancia para iniciativas como **“Impulsa Galicia”**, a sociedade público privada auspiciada pola Xunta que se apoia en sectores estratéxicos da nosa rexión para promover iniciativas empresariais que favorecen a transformación da economía galega.

Outro dos retos principais do Pacto Verde Europeo é preservación da biodiversidade. Neste ámbito, **a FGE analizará as implicacións, especialmente no ámbito pesqueiro, da posta en marcha da Lei de Restauración da Natureza**, mediante a que se solicitan medidas de restauración en polo menos o 20% das zonas terrestres da UE e o 20% dos seus mares de aquí a 2030. Cando sexa preciso, **reforzará, ademais, os argumentos en favor da revisión do status de protección do lobo, enmarcado nunha discusión máis ampla a nivel europeo sobre o aumento de grandes carnívoros en Europa.**

Así mesmo, **a FGE fomentará un ano máis o debate sobre o Pacto Verde e a acción climática entre a sociedade e a administración galega, compromiso derivado da súa adhesión ó Pacto Europeo polo Clima**, que desexa dar voz ás partes interesadas para impulsar o intercambio de información sobre a transición ecolóxica. **No ámbito internacional, apoiará á Consellería de Medio Ambiente** á hora de establecer sinerxías con outras partes interesadas durante a Conferencia das Partes (COP) da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático.

2. Transición xusta

Aínda que todas as rexións precisan financiamento para acadar a transición verde, non todas elas asumen este proceso do mesmo xeito. Para moitos territorios, esta transición supón unha

transformación en profundidade das súas economías, cambios estruturais nos modelos de negocio e novos requisitos en materia de cualificacións.

Para garantir que todas as rexións consigan unha economía climaticamente neutra, a UE estableceu un **Mecanismo de Transición Xusta** (MTX), dirixido ás rexións dependentes do carbón e intensivas en carbono, que contan con industria como as do aceiro, aluminio ou produción de papel. O MTX intentará mobilizar durante o período 2021-2027 preto de 55 000 millóns de euros en investimentos públicos e privados a través dos seus tres pilares: un réxime de Transición Xusta no marco de *InvestEU* (o programa de investimentos da UE), un instrumento de préstamos ó sector público e o Fondo de Transición Xusta (FTX), do que Galicia é beneficiaria.

A Coruña, por ter sido identificada como zona de transición xusta debido ós peches das centrais de As Pontes e Meirama, recibiu 111 millóns de euros -dos 879 correspondentes a España- do FTX. Neste sentido, **a FGE comezará un traballo de recompilación das deficiencias existentes á hora da aplicación dos recursos deste Fondo, de cara á unha posible renovación durante o próximo período de programación.** Tamén prestará atención ás **posibilidades de mellora das Directrices sobre axudas estatais de finalidade rexional (DAR)**, que nas zonas de transición xusta permiten unha flexibilización da aplicación do réxime de axudas estatais con respecto ás axudas a grandes empresas.

Para todo isto, **a FGE servirse do súa participación dende 2019 na “Plataforma Europea de Transición Xusta”**, na que se proporciona asesoramento técnico ás rexións europeas e ós Estados membros, de maneira coordinada coa Comisión Europea e co Banco Europeo de Investimentos (BEI), para, por exemplo, poñer en funcionamento os Plans Territoriais de Transición Xusta ou unha reserva de proxectos que poidan ser financiados mediante o MTX. Igualmente, **a FGE manterase en contacto coas institucións europeas así como con outras partes interesadas para informar ás consellerías competentes sobre a evolución desta materia**, especialmente á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (PERNATUR) e ó Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

Un dos sectores que se quedou fóra do ámbito de aplicación do Fondo de Transición Xusta durante as súas negociacións foi o da automoción, a pesar dos grandes cambios que terá que asumir nun período moi curto de tempo, dado que este ano se confirmou o 2035 como data a partir da cal no mercado da UE só se fabricarán turismos e vehículos comerciais lixeiros de **cero emisións.**

En Galicia, a industria do automóbil representa preto do 14% do seu PIB e emprega a máis de 23 000 persoas, o que se corresponde con case o 14% de todo o seu emprego industrial. A importancia deste sector para a nosa rexión, xunto co momento de transformación que este está vivindo, motivan que **a FGE forme parte de dous foros rexionais auspiciados polo Comité Europeo das Rexións (CdR), nos cales se impulsan todas aquelas iniciativas que fomentan unha transición xusta para as rexións automobilísticas europeas,** en colaboración coas

institucións europeas e outras partes interesadas. Fálase aquí do **Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil (CoRAI)**, do que Galicia é membro dende a súa creación en 2009, e da **Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA)**, da que Galicia é unha das rexións fundadoras grazas ó traballo da Fundación Galicia Europa. A FGE forma parte do grupo de traballo da Alianza e presta apoio á Xunta durante a súa participación nas reunións políticas.

Xunto con outras 33 rexións membro, Galicia defende en ARA o establecemento de apoio financeiro para a transición do sector, en liña co proceso que xa se levou a cabo coas rexións consideradas en transición pola UE. Ademais, sacando partido da oportunidade que representa un novo mandato da Comisión Europea en 2024, intentará impulsar o nomeamento dun comisario europeo que aborde a transición xusta de todas as rexións automobilísticas.

3. Enerxía

As enerxías renovables son un compoñente clave no marco de **REPowerEU**, o plan de acción destinado a recuperar a independencia enerxética da UE e a poñer fin ás importacións de combustibles fósiles rusos o antes posible. Galicia, onde o 75% da enerxía eléctrica procede de fontes renovables (32,5 puntos porcentuais por riba do obxectivo europeo), pódese establecer como un referente grazas a proxectos como a planta de xeración de hidróxeno verde a partir de hidrólise en As Pontes ou a planta de obtención de biometano a partir da transformación dos excedentes de xurro e outros residuos, a cal está situada en Meirama.

Porén, non se poden esquecer as posibilidades que ofrecen as fontes tradicionais de enerxía renovable, polo que a **FGE analizará o recentemente presentado Plan de Acción Europeo sobre Enerxía Eólica**, dado que a nosa rexión conta cos recursos eólicos precisos para converterse nunha potencia no ámbito da eólica mariña (ó tempo que se defende a súa coexistencia co sector pesqueiro). Así mesmo, e aínda que actualmente non nos atopamos nunha situación de crise no mercado da enerxía eléctrica, os prezos seguen moi altos, polo que a **FGE non perdeu de vista as negociacións sobre a proposta legislativa referente á reforma do mercado eléctrico da UE**.

4. Política Pesqueira Común

A principios do ano pasado, a Comisión Europea presentaba **un ambicioso paquete de propostas para mellorar a sustentabilidade do sector da pesca e a acuicultura**, que xerou un amplo rexeitamento en Galicia e outras rexións europeas. Por este motivo, dende a **Fundación Galicia Europa artellamos a elaboración dun ditame no seo do Comité Europeo das Rexións co obxectivo de liderar dende Galicia a posición das rexións e municipios europeos respecto do rumbo que está a tomar a Política Pesqueira Común (PPC)**. Tras meses de traballo e consultas, o ditame reivindica un maior equilibrio entre os tres piares de sustentabilidade nas que se sustenta a Política Pesqueira Común (medioambiental, económico e social), avoga por unha transición enerxética xusta e gradual do sector e reclama un sistema de xestión

pesqueira baseado en datos máis precisos, tanto dos ecosistemas mariños como da dimensión socio-económica do sector. **En 2024, velamos por que este ditame goce dunha adecuada difusión e promoción no marco político e institucional europeo, de forma que sexa tido en conta nas prioridades políticas do próximo executivo comunitario.**

Estamos tamén atentos ás novas normas do Regulamento sobre o réxime de control da pesca da UE, o cal actualiza un 70% das súas normas, e á mellora das normas de seguridade marítima. Ademais, prestamos apoio á Consellería do Mar para a súa participación na Alianza para a Transición Enerxética, que está a elaborar unha folla de ruta con fitos e accións medibles para facer avanzar ó sector pesqueiro e acuícola da UE cara á neutralidade climática en 2050.

5. Política Agrícola Común

As protestas do sector agrícola irromperon en Bruxelas a finais de xaneiro encontrando unha rápida resposta por parte da Comisión Europea e dos Estados membros. A FGE está a facer un seguimento das diferentes medidas adoptadas dende entón e, en particular, do cambio no regulamento da PAC 23-27, que o Parlamento Europeo vén de aprobar. Isto coincidiu cun incipiente debate sobre **o futuro da PAC máis aló de 2027, no que Galicia reclama un plan estratéxico a nivel rexional tras a centralización que supuxeron os actuais plans estratéxicos nacionais.**

Entre os expedientes legislativos que veñen de ser aprobados, destacan a modificación das indicacións xeográficas protexidas e o novo marco de certificación das absorcións de carbono. Quedarán probablemente para o seguinte ciclo institucional outros como o de benestar animal, desperdicio alimentario, etiquetaxe nutricional e alimentario, novas técnicas xenómicas ou restauración dos solos.

Tamén é importante o **Pacto Rural europeo** coas múltiples iniciativas para dinamizar as áreas rurais. **Galicia acaba de presentar precisamente unha candidatura ós premios Rexión Emprendora Europea, organizado polo CdR, cunha estratexia global de promoción de emprego no rural.** En outubro organizamos un seminario sobre este tema na Semana Europea de Rexións e Cidades.

6. Política Rexional

A FGE vén de asistir ó IX Foro da Cohesión no que se debateu sobre dous importantes informes que acaba de publicar a Comisión Europea: o do Grupo de Alto Nivel sobre o futuro da política de cohesión e o 9º Informe de cohesión. Estes informes sentan as bases das propostas legislativas que a Comisión Europea prevé publicar en 2025 sobre o Marco Financeiro Plurianual e a política de cohesión posteriores a 2027. É obxecto de debate a misión, obxectivos, cobertura, modo de xestión, criterios de reparto e o propio orzamento desta política, especialmente en vista dunha eventual futura ampliación da UE. **Galicia ten**

recibido máis de 20 000 millóns de euros en fondos estruturais procedentes desta política comunitaria.

Como en períodos financeiros anteriores, a FGE colabora coa Consellería de Facenda para definir e defender unha posición galega neste debate. Concretamente, está traballando no seo do Comité Europeo das Rexións coa chamada “Alianza da Cohesión”, na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e con outras rexións europeas mediante contactos informais. Entre os temas que están sobre a mesa, destacan o papel da política rexional como comodín para facer fronte ás distintas crises, e unha certa rivalidade co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, visto por algúns como un exemplo de xestión áxil.

7. Revisión da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)

O próximo mes entrará en vigor este **novo regulamento** que pretende contribuír a descarbonizar o sector do transporte en Europa, responsable do 25% das emisións de efecto invernadoiro. Como novidade **para Galicia, o AVE de pasaxeiros entre Vigo e Porto figura dentro da chamada “rede principal ampliada”, a concluír en 2040.** Galicia está moi interesada en que os compromisos políticos dos gobernos portugués e español nesta RTE-T revisada se leven á práctica.

8. Retos demográficos

Galicia leva moitos anos chamando a atención a nivel europeo sobre as dificultades que supón o declive demográfico da comunidade. Agora que **este debate está dentro da axenda europea, cun programa de traballo concreto, a FGE apoia á Xunta de Galicia para que siga contribuíndo coa súa experiencia, en concreto, á “Plataforma para o Aproveitamento do Talento”,** lanzada recentemente pola Comisión Europea. A FGE alerta tamén das oportunidades de financiamento e asesoramento que ofrece esta plataforma e do *Demographic toolbox*, unha ferramenta elaborada pola Comisión Europea para axudar ás rexións europeas a atopar solucións ó envellecemento da poboación, á diminución da forza laboral e á fuga de cerebros.

9. I+D+i

A posta en marcha dos chamados “vales de innovación rexional” e o inicio do debate sobre o programa marco de investigación e innovación a partir de 2027 son algúns dos temas nos que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a FGE están a colaborar en 2024.

Ligazóns de interese

- **Noticia FGE:** *Xunta e Comisión Europea debaten sobre as prioridades presentes e futuras da UE*
- **Noticia FGE:** *O padroado da FGE aborda o plan de actuacións do 2024 con miras ó novo ciclo institucional*
- **Historia** da Comisión von der Leyen.
- **Orientación políticas** Comisión Europea 2019-2024.
- **Declaración** de Ursula von der Leyen, presidenta da Comisión Europea. Comezo do mandato da Comisión Europea 2019-2024.